

CAPÍTULO 2

A educación primaria en Galicia: estudio da súa implantación e organización actual

1. Introducción

Neste segundo capítulo do informe abordarase a análise do proceso de implantación da educación primaria en Galicia, tentando, así mesmo, describir e comentar criticamente a situación actual da citada etapa tendo en conta os aspectos estruturais e organizativos, empregados na análise comparada dos sistemas educativos da Unión Europea realizada no capítulo anterior e estudiándoos en diferentes apartados: lexislación vixente, centros, profesorado e alumnado.

2. Bases legais

Conforme ós principios establecidos na Constitución Española, estatutos de autonomía, LODE, LOXSE e LOPAG, ó Estado español correspóndelle determinar as ensinanzas específicas definidas nos seus contidos mínimos. Así mesmo, é o Estado quen, por medio dos órganos correspondentes, ten que determinar as condicións mínimas esixibles ós centros nos que se impartan as ensinanzas das distintas etapas e niveis, e quen ten que fixar o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

Ás comunidades autónomas con plenas competencias en materia de educación, como é o caso de Galicia, correspóndelles principalmente realizar unha adaptación xeral das ensinanzas mínimas das diferentes etapas do sistema escolar, regular a súa implantación, establecer os centros nos que estas se vaian impartir, fixar os criterios de adscrición do profesorado ós postos de traballo que resulten naqueles, regular a súa estrutura e o seu funcionamento e promulgar as normas de avaliación educativa.

Pois ben, neste contexto, a implantación da educación primaria obrigoulles ó Estado Español e á Comunidade Autónoma de Galicia a promulgar, nos seus respectivos ámbitos competenciais, unha serie de normas legais ás que nos referimos a continuación.

2.1. Disposicións do Estado español

Entre as disposicións promulgadas polo Estado para levar a cabo a implantación da LOXSE e, máis concretamente, coa posta en marcha da etapa da educación primaria, cabe citar as seguintes:

Calendario de aplicación da nova ordenación da educación primaria, que se fixou, como para o resto das comunidades autónomas, no Real Decreto 986/1991, do 14 de xullo (BOE 25. 06), modificado polo Real Decreto 535/1993, do 12 de abril (BOE 04. 05) e tamén polos Reais Decretos 1487/1994, do 1 de xullo (BOE 28.07); 1486/1997 do 19 de setembro; 173/1998, do 16 de febreiro e 1112/1999, do 25 de xuño (BOE. 08.07.1999), se ben estes últimos non afectan a implantación da primaria.

Os requisitos mínimos que han de ter os centros, que foron establecidos polo Real Decreto 1004/1991 (BOE 26.06), corrección de erros no BOE 18. 07.

As ensinanzas mínimas correspondentes á educación primaria, que se fixaron no Real Decreto 1006/1991, do 14 de xuño (BOE de 26/6), con corrección de erros no BOE 01. 08.

A avaliación e o Libro de Escolaridade reguláronse na Orde de 30 de outubro de 1992 (BOE 11. 11), modificada pola Orde do 2 de abril de 1993 (BOE 15. 04).

Os currículos correspondentes ás relixións evanxélica e islámica están contidos, respectivamente, nas Ordes do 28 de xuño de 1993 (BOE 06. 07) e do 11 de xaneiro de 1996 (BOE 18. 01).

O ingreso e adquisición de especialidades nos corpos de funcionarios docentes ós que se refire a LOXSE, mediante a promulgación do Real Decreto 850/1993, do 4 de xuño (BOE 30.06).

2. 2. Disposicións da Comunidade Autónoma de Galicia

Do mesmo xeito, entre as disposicións que, conforme á Lei Orgánica 1/1981, Estatuto de Autonomía de Galicia (BOE 28.04), promulgou a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, é preciso resaltar as que a continuación se expoñen:

Admisión de alumnado, que se regula polo Decreto 87/1995, do 10 de marzo (DOG 28. 03) e a Orde do 5 de abril de 1995 (DOG 10. 05).

Procedemento de solicitude de libros de escolaridade, que se establece na Orde do 25 de outubro de 1993 (DOG 26. 11).

Ratios ás que se axustarán os centros, que as fixou a Orde do 6 de maio de 1992 (DOG 21.05).

Implantación da educación primaria e organización dos centros que impartan este nivel educativo, que foron reguladas na Orde do 17 de agosto de 1992 (DOG 26. 08), modificada pola Orde do 11 de maio de 1993 (DOG 06. 06) e Orde do 3 de agosto de 1994 (DOG 18. 08).

Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e centros de educación primaria, que foi aprobado por Decreto 374/ 1996, do 17 de outubro (DOG 21. 10), corrección de erros nos DOG 06. 11. 96; 08. 01. 97 e 26. 02. 97. Algúns aspectos deste decreto, concretamente sobre organización e funcionamento deste tipo de centros, desenvolvéronse por Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02. 09).

Implantación e regulamento dos centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, realizado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26).

Autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, que se regulou mediante a promulgación do Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG 22.05) e da Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG 15.12).

Autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral, que se regulou por Decreto 89/1993 do 19 de abril (DOG 27.04), que tivo, á súa vez, o seu desenvolvemento a través da Orde do 15 de novembro de 1994 (DOG 26.12).

Aplicación ó ensino en lingua galega da Lei 3/1983 de normalización lingüística mediante o Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG 15. 09).

O currículo da educación primaria que se levará a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia, que se regula polo Decreto 245/1992, do 30 de xullo (DOG do 14. 08), modificado e completado polo Decreto 235/1995, do 20 de xullo (DOG 10. 08).

O currículo da relixión católica, que o estableceu a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por Orde do 23 de febreiro de 1995 (DOG 28. 03). Neste mesmo ámbito, por Decreto 235/1995, do 20 de xullo (DOG 10. 08) regulouse o ensino da relixión en Galicia. Finalmente, a Orde do 4 de outubro de 1995 (DOG 08. 11), desenvolve o decreto anterior, concretando as actividades de estudo alternativas ó estudo da relixión.

As adecuacións do currículo, procedemento e documentación, reguláronse por Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG 07. 11).

Principais liñas sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias en Galicia, que se establecen no Decreto 133/1995, do 10 de maio, publicado no DOG do 22.05.1995, e máis nas Ordes do 20 de setembro de 1995 (DOG 11.10), e do 7 de xaneiro de 1997, onde se desenvolve aquel. Do mesmo modo, no que se refire a ensinanzas de réxime especial, o Decreto 253/1995, do 29.09, (DOG 11.10), xunto coa Orde do 5 de decembro de 1995, que desenvolve aquel, son as disposicións nas que se recollen os principios legais que rexen a devandita autorización.

Avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi regulada na Orde do 6 de maio de 1993 (DOG 20. 05), corrección de erros no DOG 01. 06. Así mesmo, o procedemento de solicitude e rexistro do libro de escolaridade do ensino básico, fíxoo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por Orde do 25 de outubro de 1993 (DOG 26. 11), corrección de erros no DOG 15. 12.

A avaliación psicopedagóxica de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e o procedemento para a realización do dictame de escolarización tivo a súa regulación por Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG 19. 12).

As condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, que se establecen na Orde do 28 de outubro de 1996 (DOG 28. 11).

A educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais regulada por Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG 06. 08).

A orientación educativa e profesional, que se regula no Decreto 120/1998 (DOG 27. 04) e na Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG 31. 07).

A Consellería de Educación publicou, ademais, varios documentos de certo interese en materia de currículo e centros en relación coa implantación da educación primaria. Son principalmente os seguintes:

- *Exemplificacións didácticas. Educación primaria*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991

- *Deseño Curricular Base. Educación primaria.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992.
- *Desenvolvemento Curricular. Educación primaria. Secuencias de obxectivos, contidos e criterios de avaliación por áreas e por ciclos.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992.
- *Zonas educativas.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991.
- *Planificación da rede de centros públicos de Galicia.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1994.
- *Proxecto de rede de centros de ensino público de Galicia.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996 (8 volumes).

Rede de centros de ensino público de Galicia. Curso 98-99. Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, 1998.

Trátase de documentos enviados polos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a todos os centros e que se achaban neles, polo que teñen acceso a eles todos os membros das respectivas comunidades escolares para obter información e orientación sobre a implantación da educación primaria.

3. Calendario de implantación

De acordo co calendario de implantación das ensinanzas da LOXSE, fixado nos Reais Decretos 986/1991, 535/1993 e 1487/1994 (xa citados), coa educación infantil xa en marcha dende o curso anterior, a implantación da educación primaria, como pode apreciarse no cadro que segue (cadro 7), comezou en Galicia, o mesmo que no resto do Estado español, no curso 1992-1993, ano académico no que se imparte por primeira vez o 1º ciclo (1º e 2º cursos) de educación primaria, deixándose de impartir o 1º ciclo de educación xeral básica (EXB), vixente ata entón.

No curso 93/94 desaparecen 3º e 4º de EXB e impártense as ensinanzas correspondentes ó 2º ciclo de educación primaria, para logo, nos seguintes cursos (94/95 e 95/96), implantarse, respectivamente, o 1º e o 2º ano do 3º ciclo de educación primaria. Así, coa desaparición progresiva dos cursos de EXB equivalentes ós implantados, no citado curso 95/96, quedaron definitivamente instauradas en Galicia as ensinanzas correspondentes á etapa de educación prima-

ria fixada pola LOXSE. No cadro 7, que se insire a continuación, pódese ver unha representación deste proceso levado a cabo entre o ano 1992 e o 1996.

Cadro 7: implantación da etapa de educación primaria (EP) en Galicia

1992-1993	1993-1994	1994-1995	1995-1996
Implántanse 1º e 2º EP	Implántanse 3º e 4º EP	Implántanse 5º EP	Implántanse 6º EP
Desaparece 1º e 2º de EXB	Desaparece 3º e 4º de EXB	Desaparece 5º de EXB	Desaparece 6º de EXB

4. Centros

Tal como se expón no apartado 5.1 deste capítulo, a LOXSE establece a necesidade dunha correspondencia entre cada unha das etapas educativas e determinadas ensinanzas específicas definidas, nos seus contidos mínimos, para cada unha delas polo Estado español. Despois, nun paso posterior, estas ensinanzas correspondentes ás diferentes etapas do sistema escolar han de ser adaptadas polas respectivas comunidades autónomas con plenas competencias en materia de educación dentro do seu ámbito territorial. Finalmente, correspóndelles ós centros (ós seus equipos pedagóxicos) facer a correcta adecuación destas adaptacións autonómicas ós alumnos e alumnas escolarizados neles.

Os centros docentes constitúen, pois, as unidades operativas do sistema educativo nas cales, con bastante autonomía pedagóxica, se imparten a un determinado número de alumnos e alumnas as ensinanzas propias dalgunha ou algunhas etapas educativo-escolares, sexan de réxime xeral ou especial. Polo tanto, haberán de reunir os requisitos e condicións axeitadas para que os procesos de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolvan neles sexan acordes coas finalidades que, dentro do réxime ó que pertencen as etapas, teñen asignadas. Isto, dalgún modo, convértese nun importante elemento diferenciador, xa que cada etapa/réxime require, por razóns das características biopsicosociais do alumnado e da natureza dos contidos curriculares que se imparten, unhas determinadas condicións que os están a especificar.

En consecuencia, segundo sexa a etapa á que correspondan, poden existir centros de educación infantil, educación primaria, secundaria obrigatoria e

secundaria postobligatoria. Por outra parte, na medida en que poidan combinarse dúas ou máis etapas, é posible falar de centros de infantil-educación primaria, de educación primaria-secundaria obrigatoria, de secundaria obrigatoria e postobligatoria, de infantil-educación primaria-secundaria obrigatoria, de infantil-educación primaria-secundaria, etc. Así mesmo, tendo en conta o réxime de que se trate, temos centros de educación de adultos, de artes aplicadas, escolas de idiomas, conservatorios... De igual modo, atendendo á titularidade, como en case todos os sistemas educativos de países democráticos, existen outras dúas clases de escolas: públicas e privadas. E no caso do ensino obrigatorio, a partir da promulgación da LODE (1985), temos en España un terceiro tipo: o centro privado concertado.

4.1. Proceso de elaboración da actual rede en educación primaria

Parece probable que a determinación dos centros nos que se imparte a educación primaria seguramente seguise un proceso de toma de decisións político-educativas que, concretándose finalmente en disposicións legais promulgadas pola Xunta de Galicia, serían diferentes no seu contido en función de que estas tivesen por obxecto o sector público ou o privado.

Así, no primeiro caso atopámonos con resolucións que establecen cáles son os centros públicos para impartila, cáil é a súa localización, e cáil a composición xurídica de cada un deles (Ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de 18. 06. 1996, DOG de 21. 06, e do 01. 09. 1998, DOG do 11. 09). En troques, no segundo caso, as decisións gardan relación coa autorización outorgada pola Consellería de Educación a aqueles centros que, de acordo coa lexislación vixente (xa citada), reúnen os requisitos mínimos para impartir a educación primaria, así como denegación da dita autorización nos casos de titulares que, unha vez esgotado o prazo correspondente, non se adecuaron ás novas esixencias, tendo polo tanto que pechar as súas portas ó público.

Ata chegar á definición da rede de centros sostidos con fondos públicos, a xulgar polos documentos existentes (Xunta de Galicia, 1994a; 1994b; 1996) e disposicións legais (Ordes do 18.06.96 e 01.09.98, publicadas no DOG do 21.06 e 11.09 respectivamente, polas que se establecen as unidades e postos de traballo dos centros que corresponde prover por mestres), pódese dicir que, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tivo que levar a cabo un complexo proceso de estudo e planificación, o que, malia a acusación que

algúns sectores fixeron de escasa previsión e axilidade, comportou actividades tan numerosas e complexas como as seguintes:

- A) Recollida, tratamento e elaboración da base de datos para a planificación da nova rede de centros de Galicia (*Documento Cero para a Planificación da Rede de Centros públicos de ensino de Galicia*, xuño de 1994).
- B) División do territorio da comunidade galega en **zonas educativas** (41 na provincia da Coruña, 20 na de Lugo, 14 na de Ourense e 33 en Pontevedra) seguindo o proxecto de comarcalización de Galicia do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.
- C) Estudio das necesidades de escolarización nas distintas etapas do novo sistema educativo en cada unha das zonas educativas establecidas para determinar as previsións de necesidades en canto a postos escolares en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria (ESO) e educación secundaria postobrigatoria (ESPO).
- D) Análise do alcance do problema de escolarización, para o que deberían terse en conta aspectos como os seguintes:
 - * existencia dun considerable descenso de poboación en idade escolar que se está a producir como consecuencia das baixas taxas de natalidade que xa daquela se estaban a experimentar, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense;
 - * a necesidade en educación infantil dun número de postos escolares, que se ben podía experimentar algún incremento a causa da admisión nos centros de nenos e nenas de 3 anos, non era algo significativo debido á diminución habida no censo de nenos e nenas entre 0 e 3 anos;
 - * número de postos escolares que se necesitaban en educación primaria (6-12 anos), que non supoñía aumento dos existentes;
 - * problema de escolarización na etapa de educación secundaria obrigatoria (ESO), para alumnos e alumnas de 12 a 16 anos, debido ó aumento de dous cursos de educación básica para todos os rapaces do país desde o curso 1996-97 ata o 1999-2000;
 - * problema de escolarización, non obstante menor, existente na educación secundaria postobrigatoria (ESPO), para alumnos e alumnas

con máis de 16 anos, xa que para os dous cursos dos novos bacharelatos e os outros dous correspondentes ós ciclos formativos de grao medio e un máis ós ciclos formativos de grao superior, contábase actualmente cos postos correspondentes ós tres cursos de bacharelato unificado e polivalente (BUP), un do curso de orientación universitaria (COU) e os cinco que compoñían a formación profesional de primeiro e segundo grao (FP1 e FP2).

- E) Formulación con carácter xeral de posibles modelos alternativos de escolarización tendo en conta as características do territorio e as necesidades de escolarización por etapas existentes en cada unha das zonas educativas de Galicia.
- F) Análise dos servizos complementarios (transporte e comedor) que, para a ensinanza pública, implicaba cada un dos modelos alternativos.
- G) Toma de decisións, á vista das vantaxes e inconvenientes de cada un deles, con respecto ó modelo de escolarización que se vai seguir.
- H) Estudio documentado de como se faría a escolarización en cada provincia, zona educativa e concello da comunidade autónoma seguindo o modelo elixido.
- I) Estimación do profesorado necesario para impartir o novo currículo de cada etapa (catálogo de postos docentes), tendo en conta as novas especialidades de educación primaria e secundaria, as horas de clase de cada materia e os servizos complementarios.
- L) Estimación dos custos que ía supoñer o incremento de transporte e comedor escolar.
- M) Publicación do proxecto de rede de centros públicos para o seu coñecemento e alegacións polos afectados.
- N) Estudio das alegacións presentadas e das críticas manifestadas a través de todo tipo de medios de cara á toma de decisións con respecto á localización dos centros.
- O) Estimación do gasto necesario en canto a novos edificios, remodelación e ampliación dos existentes, recursos didácticos e equipamento.
- P) Autorización ós titulares de centros privados, no caso de reuniren os requisitos necesarios, para clasificarse como centros das ensinanzas da LOXSE, con especificación dos respectivo número de unidades.

- Q) Publicación definitiva da rede de centros: públicos, concertados e privados con e sen subvención correspondentes ás diferentes etapas e réximes da LOXSE.
- R) Establecemento de catálogos de postos de traballo e bases de adscrición dos profesores e profesoras a estes.
- S) Regulamentación do funcionamento dos centros.

Posto que se destinaban a esta etapa as aulas que viñan funcionando nos seis primeiros cursos de EXB (e que os centros de EXB que tiñan autorización definitiva quedaban automaticamente autorizados para educación primaria), os gastos fixos en educación primaria quedaban reducidos ó importe de acomodar, no seu caso, os centros ós requisitos mínimos do R.D. 1004/1991. Polo tanto, no plano económico non debeu constituír a educación primaria un ámbito de gran preocupación para a Xunta de Galicia.

O achegamento ós gastos recorrentes en educación primaria abranguería probablemente o estudio dos custos correspondentes ó profesorado das novas especialidades (inglés, música, educación física, pedagogía terapéutica), ás súas substitucións e ó incremento de profesionais nos equipos psicopedagóxicos de apoio (posiblemente a Administración aínda non posuía daquela a intención de suprimilos) e nos propios centros (fisioterapeutas, coidadores, etc.) para integración do alumnado con diminucións.

4.2. Ordenación previa e situación dos centros públicos

O proceso de planificación, ó que nos acabamos de referir, no que foron obxecto de estudio o conxunto dos centros de infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria, prolongaríase ata marzo de 1996, momento en que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sacou á luz, sen que anunciase cál era o investimento de que se dispuña en Galicia para levalo a cabo, a primeira versión da rede de centros públicos, coa correspondente apertura de prazo para alegacións sobre esta.

Naquel momento estaba xa o 6º de educación primaria a piques de desaparecer. Polo tanto, a implantación da educación primaria, en vez de terse realizado en centros deste nivel, fíxose nos centros de EXB con catálogo de postos docentes propio dese tramo educativo, como sabemos xa en extinción nesas datas. Foi uns meses máis adiante, coa Orde do 18 de xuño de 1996 (DOG de

21), cando se estableceron os postos de traballo docente dos centros de educación infantil e educación primaria, ós que, uns días máis tarde, como se verá logo, se adscribirían mediante concurso público nos propios centros os mestres correspondentes.

Nos cursos seguintes, 96/97 e 97/98, por non estaren dispostos aínda, os centros de educación secundaria non puideron acoller o alumnado de ESO na súa totalidade, así que foron moitos os centros de educación primaria que, con esta etapa e maila de infantil totalmente implantadas, escolarizaron de modo provisional o alumnado do 1º ciclo de ESO, impartíndolle a docencia, na maioría dos casos, os mestres que, resultando adscritos a secundaria nos correspondentes IES en xullo de 1996, non puideran aínda realizar a súa incorporación efectiva neles (que viñan a ser a práctica totalidade dos casos).

No curso 96/97, mediante o Decreto 374/1996, aprobouse o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos centros de educación primaria, e créase, do mesmo xeito que xa o fixeran, nos seus respectivos ámbitos competenciais, o Ministerio de Educación e Ciencia e outras comunidades autónomas, un marco legal de funcionamento dos centros como “entidades integradas na realidade galega e conforme ós principios da LOXSE de que todos os membros da comunidade educativa asuman a súa función para vertebrar un proxecto común que lle outorgue ó centro identidade propia” (Decreto 374/1996, DOG do 21.10).

O novo contexto político ó rematar o curso 96/97, probablemente debido ás peticións dos gobernos de Cataluña e País Vasco, en contra dos múltiples anuncios e comentarios feitos ó respecto con anterioridade, non supuxo case cambios, alomenos a curto prazo, con relación á LOXSE e á súa aplicación, tanto en Galicia, que é o caso que nos ocupa, como no resto de España.

No curso 97/98, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria houbo de abordar dalgún xeito o problema dos recursos financeiros necesarios para configurar a rede de centros conforme ás etapas do novo sistema educativo. Así, a consellería, con criterios políticos, técnicos e económicos á vez, realizou unha revisión da rede de centros e publicou o seu resultado na Orde do 1 de setembro de 1998 (DOG do 11), onde se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes que corresponde prover por funcionarios do corpo de mestres nas escolas de educación infantil, centros de educación infantil e educación primaria, centros de educación primaria, centros de educación especial, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria. A principal

novidade que comportou foi a de contemplar, como nova figura, os centros públicos integrados.

Os centros públicos integrados (CPI), regulados polo Decreto 7/1999, púxoos en marcha a Xunta de Galicia nos cursos 98/99 e 99/00. Son centros nos que se imparte a educación básica na súa totalidade ou ben nos que, ademais da educación básica completa, se imparte a educación infantil. Igualmente poderán impartirse neles outras ensinanzas de réxime xeral non universitarias, así como tamén educación de persoas adultas ou unha combinación de ensinanzas de réxime xeral e especial se o determinase a Administración educativa.

Dende o curso 98/99 en adiante, nos centros de infantil e educación primaria e de educación primaria, salvo en casos moi particulares, escolarízanse unicamente alumnos e alumnas de estes niveis, xa que aqueles que cursan estudos de secundaria están xa nos institutos correspondentes.

Este proceso de estudo, clasificación e reordenación de centros do sector público supuxo variacións no número de centros de educación primaria. Entre as principais causas da variación pódese dicir que está o descenso nas taxas de natalidade que ten lugar nestes anos.

Neste sentido, desde 1992, ano no que comeza a implantación da educación primaria, ata 1999, data na que, en xeral, se pode admitir como aquela na que os centros desta etapa, con independencia de futuros axustes no seu número de unidades, aproxímase o conxunto definitivo, as cifras experimentaron unha variación de certa importancia. No seguinte cadro, pódense observar os cambios habidos entre 1992 e 1999 na cifra de centros da etapa á que nos estamos a referir.

Cadro 8: número de centros públicos que impartiron educación primaria/EXB. Comunidade Autónoma de Galicia (1992-1998)

	92-93	93-94	94-95	95-96	96-97	97-98
A Coruña	552	518	506	470	452	440
Lugo	193	175	170	164	161	154
Ourense	136	131	127	124	119	119
Pontevedra	325	323	318	311	310	301
Galicia	1.206	1.147	1.121	1.069	1.042	1.014

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A diminución no número de centros non posúe as mesmas proporcións en tódalas provincias de Galicia. No anterior cadro nº 8 conséntase que a redución no número de centros, nas provincias da Coruña e Lugo, aproxímase ó 20 %, mentres que en Ourense supón algo máis do 10 % e en Pontevedra comporta un 8 %. Como xa se apuntou, o descenso no número de alumnos e alumnas, aínda coas baixas ratios prescritas pola LOXSE, é seguramente, xunto coa necesidade de incrementar a cifra dos de secundaria, por estenderse esta ata os 16/18 anos, a principal causa de que os estudos de planificación, sen dúbida feitos pola Administración, conclúsen que, adaptándose ás necesidades das respectivas provincias, o número de centros de educación primaria habería de reducirse, escolarizándose tamén alumnos e alumnas de educación primaria en centros que contan coa etapa de ESO, denominados centros integrados, e dedicar a educación secundaria algúns dos centros da extinguida EXB.

Xa en 1999 a situación escolar en Galicia, no que atinxe ós centros públicos nos cales se imparte a educación primaria, como se expón nos cadros que seguen, está nos 1.065 centros en total, inclúese nesta cifra os centros públicos integrados e os 12 centros rurais agrupados.

*Cadro 9: centros públicos nos que se imparte educación primaria
Comunidade Autónoma de Galicia. Curso 1998-1999*

	Centros de EI-EP e EP	Centros Integrados	Centros rurais agrupados
A Coruña	425	30	8
Lugo	146	12	0
Ourense	116	9	0
Pontevedra	296	19	4
Galicia	983	70	12

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Chama a atención que en Galicia unicamente existan centros rurais agrupados nas provincias da Coruña e Pontevedra, 8 e 4 respectivamente, e que en Lugo e en Ourense non haxa ningún.

Este feito, sen dúbida condicionado polo descenso considerable do número de escolas unitarias de educación primaria, que obedece no fondo a factores sociais, económicos e políticos de diversa índole, dun xeito máis próximo parece estar asociado ó descenso do número de alumnos e alumnas nas parroquias, á mellora das comunicacións, que facilitan o transporte do alumnado ós centros

comarcais, e ás esixencias de que se imparta en educación primaria unha lingua estranxeira, educación artística e educación física, áreas que, ó requirir especialistas para impartilas, fan moi difícil a existencia de escolas monodocentes nesta etapa.

En xeral, pois, as poucas escolas dun só mestre que acollen alumnos e alumnas de educación primaria son unidades de educación infantil ás que asisten alumnos e alumnas do 1º ciclo de educación primaria e que ó estar máis ou menos próximas, poden constituír un centro rural agrupado (Decreto 63/1988, do 17.03, DOG 08.04, e Orde do 14 de abril de 1988, DOG 13.05).

Outro tipo de centros ós que é preciso referirse son os centros públicos integrados, dos que demos algunha indicación cando en parágrafos anteriores comentamos a revisión da rede de centros realizada pola Consellería no ano 1998, que foron postos en marcha no curso 98/99. En Galicia son 70 en total. Cerca da súa metade (30) corresponden á Coruña, e 12 a Lugo, provincias nas cales, como se sabe, a cifra de centros de EXB/educación primaria experimentou unha maior redución, feito que está a apuntar a tendencia de manter nelas a escolaridade básica (obrigatoria) nun mesmo centro nun certo número de comarcas, en bastantes das cales o antigo centro de EXB se transformou en centro público integrado, o que constituíu tamén un medio de axudar a resolverlo conflito existente en varios concellos ó ver que o alumnado entre 12/13 e 16/18 anos ían escolarizarse fóra del.

No conxunto dos centros que acollen alumnos e alumnas de educación primaria, preto en número ó milleiro, funcionan 6040 unidades escolares que se corresponden con 9.002 postos de traballo catalogados, ós cales hai que engadir 88 de xefes de departamentos de orientación en centros de infantil-educación primaria e de educación primaria dos que, como consecuencia da aplicación do Decreto 120/1998 e da Orde de 24. 07. 1998, disposicións xa citadas, foron dotados os centros nunha primeira fase, a través do correspondente concurso (Cadro nº 10) e que nos anos sucesivos continúan dotándose.

Cadro 10: unidades e postos de traballo de educación infantil e de educación primaria en centros públicos. Comunidade Autónoma de Galicia. Curso 1998-1999

	Unidades de EI	Unidades de EP	Postos catalogados de EI	Postos catalogados de EP	Xefes D. de Orientación
A Coruña	884	2389	885	3387	41
Lugo	328	911	330	1316	13
Ourense	251	684	251	991	9
Pontevedra	916	2290	925	3320	25
Galicia	2379	6274	2391	9014	88

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O número de postos de traballo supón unha cifra superior ó do número de unidades existentes, superándose así amplamente aquel concepto de que no ensino primario a cada unidade lle correspondía un posto de traballo de mestre. A razón está en que nun centro actual de educación primaria resultan necesarios profesores e profesoras especializados nas diferentes áreas da LOXSE (idioma estranxeiro, educación musical, educación física, pedagogía terapéutica e, se é o caso, audición e linguaxe); así mesmo, precísanse horas para a atención á diversidade e ós cargos de dirección e coordinación. Por iso, tal como xa se indicou en liñas anteriores, a Consellería de Educación publicou o catálogo de postos de traballo de cada un dos centros de educación primaria mediante a promulgación das Ordes do 18.06.1996 e 01.09.1998 (DOG do 21.06 e 11.09, respectivamente).

Do mesmo xeito, en relación coa atención á diversidade, segundo declara a Administración educativa, entendendo que era necesario unha orientación coordinada desde os propios centros, do mesmo xeito que o fixo para os de secundaria, creou os departamentos de orientación nos centros de educación infantil e educación primaria con máis de 12 unidades ou ben naqueles que por razóns de poboación dispersa a Consellería o estimou necesario. Así, nun primeiro concurso foron 83 os centros que, ó resultar cuberta a súa praza de xefe de departamento de orientación, viron en funcionamento este departamento no curso 98 /99.

O CEG insta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que se faga o esforzo orzamentario e administrativo que conduza a que todos os centros de educación primaria sostidos con fondos públicos teñan debidamente cuberta o antes posible a praza de xefe do departamento de orientación, dada a transcendental importancia das funcións que estes organizamos lles están regulamentariamente encomendadas. É, por outra banda, evidente que, tanto ou máis que a súa constitución e dotación, importa o feito de que funcionen adecuadamente. Neste sentido terá que intensificarse o labor formativo e actualizador aínda para persoas inicialmente ben formadas, insistindo, sobre todo, naquilo que teña relación coa harmonización e complementariedade do seu labor nos centros co do resto do equipo directivo e docente, sen esquecer tampouco as familias dos escolares.

Este descenso no número de unidades posúe repercusións importantes no caso de centros incompletos (de menos de 6 unidades), que en Galicia cifran arredor dos 50 (máis da metade son de Ourense); pero aínda máis nos 208 centros galegos de 6 unidades (64 na Coruña; 39 en Lugo; 27 en Ourense e 78 en Pontevedra), xa que en moitos casos poden pasar a incompletos nun prazo máis ou menos curto, reducíndose deste xeito, sensiblemente, o seu catálogo de postos docentes. O estudar e renegociar, pois, os catálogos dos centros de primaria e a introducción de novas posibilidades nuns perfís de postos de mestres está, sen dúbida, a ser xa unha necesidade que a Consellería de Educación terá que afrontar canto antes.

Un aspecto importante que hai que ter en conta no estudio da variable dos centros públicos de Primaria, no que atinxe a postos de traballo catalogados en cada un deles, é o de que aqueles dependen sempre do número de unidades que cada colexio posúa. Polo tanto, ó tratarse a baixada de alumnado dun fenómeno progresivo, o número de unidades dos centros camiñan cara ó descenso e, por conseguinte, o catálogo dos respectivos colexios experimentará variacións importantes, con evidentes repercusións para os equipos docentes que tenden, sobre todo no rural, a empobrecerse cada vez máis; perdendo, así mesmo, os cadros de persoal a estabilidade que tanto convén para que os colexios poidan manter, cando non iniciar, unha actitude de mellora continua dos seus proxectos pedagóxicos.

Polo que atinxe ós horarios, algo máis da terceira parte dos 983 centros públicos de educación infantil-educación primaria e educación primaria, imparten as clases en réxime de xornada continuada, facéndoo os restantes, uns 650, en xornada dobre de mañá e tarde (cadro nº 11).

Cadro II: centros nos que se imparte educación primaria en xornada dobre e continuada. Comunidade Autónoma de Galicia (curso 1998-1999)

	Centros de EI-EP e EP con xornada dobre	Centros de EI-EP e EP con xornada continuada
A Coruña	291	134
Lugo	139	7
Ourense	108	8
Pontevedra	110	186
Galicia	648	335

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A xornada continuada áchase implantada en máis da terceira parte dos centros públicos de educación primaria. A súa distribución por provincias non resulta regular. Na provincia de Pontevedra resulta maioritario o número de centros que a teñen. Pero no resto das provincias a cifra meirande correspóndelles ós centros que posúen xornada dobre (mañá e tarde). En Lugo e Ourense son moi poucos os centros con xornada continuada, 7 e 8 respectivamente, que, en porcentaxe, resulta en ámbolos dous casos inferior á do 8 % .

A xornada continuada constitúe un tema que, no fondo se relaciona con aspectos pedagóxicos, sociais, culturais, económicos e políticos, e por iso é un tema polémico de por si.

Na súa parte máis concreta e próxima resulta igualmente problemática, xa que para que un centro obteña autorización da Administración educativa galega para impartir as súas clases en réxime de xornada continuada precisa, segundo a lexislación vixente (Orde do 13 de abril de 1993, DOG 23.04), que o proxecto presentado, no que teñen que incluírse actividades extraescolares para algunhas tardes, reciba un importante respaldo por parte dos pais e nais de alumnos e alumnas e de máis sectores da comunidade escolar.

Polo tanto, en principio parece que a xornada continuada non ten por que resultarlles interesante ás familias pertencentes a centros nos que, pola súa situación xeográfica e nivel sociocultural da zona, resulte difícil programar e realizar actividades extraescolares formativas e variadas que lle agraden ó alumnado. Ademais tampouco nestes casos parece que axude a facela atractiva o feito de levar consigo, dalgún xeito, unha diminución nos servicios complementarios de transporte e comedor.

Parece urxente facer un estudio avaliador serio sobre o funcionamento e rendibilidade educativa da xornada escolar. Este estudio deberá analizar a ampla gama de factores implicados no caso: educacionais, sociais, familiares, psicolóxicos, sanitarios, laborais, etc.

Tras varios anos de funcionamento deste da xornada continuada a súa rendibilidade ha de medirse hoxe sobre feitos constatados e comprobados, máis que sobre as suposicións ou soportes teóricos que, tanto os defensores como os detractores esgrimiron no seu día.

Cousa diferente é o caso dos centros situados naquelas vilas e cidades onde os poderes públicos e máis concretamente os concellos, á parte de propiciar espazos e instalacións dedicados a nenos e nenas e adultos con fins de aproveitamento do tempo de lecer, espallamento, xogo, deporte e cultivo de distintas afeccións, levan a cabo unha colaboración directa cos centros e asociacións de pais e nais de alumnos e alumnas, axudándolles a organizar actividades extraescolares que se han de realizar nos centros polas tardes. Xa que logo, non debe estrañarnos esta distribución tan pouco regular da xornada continuada nas catro provincias galegas se non ten lugar unha coordinación máis efectiva xeneralizada entre as institucións escolares (rede formal) e as comunitarias (rede non formal e informal) (varios, 1993).

4.3. Novas esixencias para os centros de titularidade privada

Con anterioridade á LOXSE o réxime xurídico dos centros non estatais que impartían ensinanzas correspondentes ó sistema educativo establecido pola Lei Xeral de Educación de 1970 recollíase no Decreto 1855/1974 e demais normas que o desenvolvían. Co novo sistema escolar fíxose necesario que as administracións, partindo do disposto nas disposicións transitorias da LOXSE, regulasen a autorización daqueles centros privados que desexen impartir as ensinanzas reformadas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en aplicación da lexislación xa citada no punto 5.1.2, publicou nos últimos anos unha serie de disposicións autorizando definitivamente a apertura e funcionamento de centros privados de educación secundaria. Así, mediante as oportunas ampliacións e remodelacións dos centros, a oferta do sector privado comezou o seu proceso de adecuación ás esixencias legais das novas etapas educativas.

No sistema educativo español existe a necesidade dunha coordinación do dereito a educar e o dereito a elixir centro coa necesaria gratuidade da ensinanza obrigatoria (Art. 27 da Constitución Española de 1978; LODE, 1985). Así, a oferta de ensinanza privada nos tramos obrigatorios pode estar sostida con fondos públicos (Puelles, 1987). As administracións, polo tanto, deberon regular o citado réxime conforme ás novas etapas educativas da LOXSE e ó disposto na súa Transitoria 3ª, onde se fixan as liñas xerais de conversión dos concertos con centros de EXB e doutros niveis en concertos con centros dos novos niveis educativos. Pois ben, en Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con respecto a esta cuestión publicou a Orde do 8 de xaneiro de 1997, (DOG 21.01), pola cal se dictan normas para aplicación do réxime de concertos a partir do curso académico 97/98.

Unha serie de centros privados sen que se saiban ben cales son as razóns, sen dispor de autorización ou clasificación definitiva, gozaban de concerto educativo. Tampouco fixeron as adaptacións necesarias no prazo de cinco anos para obtelas (Transitoria 1ª.3 da LOXSE), ben fose conforme ás normas específicas anteriores á nova lei ou ben para axeitarse ós requisitos mínimos establecidos para os centros de educación primaria. Deixaron, polo tanto, de representar a condición de centros autorizados para impartir ensinanzas da LOXSE, quedando afectados total ou parcialmente en canto á renovación de concerto, producíndose a extinción da súa autorización por cesamento de actividade coa Orde do 21 de xaneiro de 2000 (DOG 15.02) Estes denominados “centros en crise”, foron obxecto de acordo entre a Administración educativa, os sindicatos e as organizacións patronais no que atinxe ó ámbito, procedemento e medidas aplicables a prol do seu profesorado (máis de 300 mestres), que obtiveron, agás nuns poucos casos que optaron por indemnización, un posto como profesor de apoio noutro centro concertado de Galicia. A relación deste profesorado de apoio faise pública na Orde do 30 de agosto de 2000 (DOG. do 14.09).

No sector privado, deste xeito, pódese dicir que a práctica totalidade dos centros adaptáronse ás novas esixencias legais a práctica totalidade dos seus centros, quedando sen posibilidades aqueles que non puideron obter a autorización ou clasificación definitiva, polo que en dous anos verían pechadas as súas portas.

Este feito resulta decisivo para explicar como no sector privado ten lugar unha redución de centros igual que no sector público. Dende o curso 92/93 a cifra de centros coa excepción de pequenos repuntes dos cursos 95/96 e 96/97, vén experimentando un claro descenso anual. Os datos correspondentes ós centros privados nestes anos son os que se expoñen no cadro seguinte.

Cuadro 12: número de centros privados que impartiron educación primaria /EXB. Comunidade Autónoma de Galicia (1992-1999)

	92-93	93-94	94-95	95-96	96-97	97-98	98-99
A Coruña	98	92	90	90	90	78	74
Lugo	21	21	21	22	22	21	19
Ourense	34	33	33	34	34	30	23
Pontevedra	86	87	86	87	89	86	84
Galicia	239	233	230	233	235	215	200

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Como pode observarse no cadro nº 12 é na Coruña e Ourense onde a diminución de centros privados alcanza unhas cifras de certa importancia. Isto quere dicir que foi principalmente nestas provincias, xeralmente nas propias capitais, onde viñeron funcionando nos últimos anos algúns centros privados sen autorización nin clasificación definitiva, e ó mesmo tempo, debido ós elementos materiais nos que estaban a funcionar, con poucas posibilidades de alcanzala, xa que, de non construír un novo edificio, o que ocorreu en contadas ocasións, as súas condicións eran tan limitadas que imposibilitaban as necesarias reformas de cara a reunir os requisitos esixidos pola lexislación.

Non obstante, é curioso constatar como a pesar de carecer de instalacións e equipamentos axeitados, estes centros contaron con alumnos e alumnas todos estes anos; é máis, nalgúns casos contaron con eles ata o último momento en que se produciu o seu peche. Os factores que contribúen a explicar este feito poden ser varios, entre outros cabería citar, a relación dalgúns destes centros coa historia educativa dalgunha vila ou cidade que lles dá certo prestixio á vez que proximidade emocional ante algunhas familias, o insuficiente número de prazas escolares para todos os solicitantes en centros concertados de bo cartel e tamén en determinados centros públicos dalgunhas zonas das cidades galegas. Agora ben, a principal razón de que isto sucedese tal vez habería que buscala arredor da idea de que a entrega e esforzo do profesorado nestes centros eran tan intensas que, ante pais e nais e alumnos e alumnas, compensaban con creces aquelas deficiencias nas instalacións.

En 1999 os centros do sector privado nos que se imparte a educación primaria, todos eles xa cos requisitos mínimos ós que nos acabamos de referir, son os que se expoñen nos cadros inseridos a continuación (nº 13 e nº 14), uns 200

en total. Deles 183 teñen concerto, cun total de 1718 unidades concertadas. Os 17 restantes, non concertados, contan con tan só 133 unidades.

Tanto no caso dos concertados, como no dos non concertados, resulta maioritaria a xornada dobre; contan con ela 108 concertados e 12 que non posúen concerto.

Cadro 13: Centros privados concertados con indicación do tipo de xornada, unidades e postos de traballo. Comunidade Autónoma de Galicia (1998-1999)

	Concertados Xornada Continuada	Concertados Xornada Dobre	Unidades	Orientación	Postos de traballo*
A Coruña	15	52	679	13	788
Lugo	1	16	146	1	170
Ourense	2	20	205	2	238
Pontevedra	24	53	688	11	798
Galicia	42	141	1718	27	1994

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cadro 14: centros privados non concertados con indicación do tipo de xornada, unidades e postos de traballo. Comunidade Autónoma de Galicia (1998-1999)

	Centros xornada continuada	Centros xornada dobre	Unidades	Orientación	Postos de traballo*
A Coruña	2	5	73	0	73
Lugo	0	2	9	1	9
Ourense	0	1	6	0	6
Pontevedra	3	4	45	2	45
Galicia	5	12	133	3	133

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Destaca nos cadros anteriores a reducida cifra de centros non concertados fronte á dos concertados, vindo a resultar aquela un número inferior ó 9 % do total dos privados. É un dato lóxico, sobre todo se temos en conta o custo que ten a ensinanza para as familias no caso dos non concertados, máis aínda ó producirse coa LOXSE unha diminución nas ratios máximas permitidas en canto ó

* Profesorado concertado a 25 horas. O número de profesorado é maior que o expresado sen precisar cantos por que a unidade, ás veces, é cuberta por máis dun profesor que individualmente non ten un horario de 25 horas lectivas.

número de alumnos e alumnas por docente, que viñeron a encarecer os custos. Agora ben, a pesar desta diferenca na cifra de centros dunha e outra clase, hai unha serie de trazos comúns a ambos tipos, á vez que a distinción principal que se aprecia nos datos expostos se encontra na diferenca entre as unidades e o número de postos de traballo existentes nos centros.

Así, no que atinxe ó número promedio de unidades hai unha certa diferenca que non resulta moi significativa entre centros concertados e non concertados, xa que a media aritmética de unidades por centro está en 9.4 nos concertados e en 7.8 nos non concertados.

Así mesmo, con respecto á xornada continuada, véñse repetir, en proporción ó número de centros non concertados existente, a desigual distribución que ten lugar por provincias nos centros concertados no sector de non concertados. Así, pódese dicir que, con independencia de que teñan concerto ou non, mentres en Pontevedra preto da terceira parte dos centros privados posúen xornada única, no resto das provincias a cifra é sensiblemente menor, chegando a ser moi reducida en Ourense e Lugo.

En cambio, o número de unidades nos centros concertados constitúe unha cifra inferior á de postos de traballo existentes neles, mentres nos centros non concertados, dáse unha coincidencia exacta entre unidades e postos de traballo. Ocorre que nos centros concertados, onde para os efectos de pago delegado pola Administración, un posto de traballo representa 25 horas lectivas, a veces imparten docencia varios profesores e profesoras, sumando as clases de todos eles ás citadas 25 horas e cobrando cada un deles a cantidade proporcional ó tempo de ensinanza que realiza.

4.4. Estudio comparado centros públicos/centros privados

Analizando en conxunto o número dos centros que viñeron impartindo educación primaria ou EXB nos últimos anos en Galicia vemos que a tendencia xeral é dun descenso progresivo en canto ó seu número, nunha porcentaxe moi similar tanto nos públicos como nos privados. (Cadro nº 15)

Cadro 15: número de centros públicos e privados que impartiron educación primaria/EXB. Comunidade Autónoma de Galicia (1992-1999)

	92-93	93-94	94-95	95-96	96-97	97-98	98-99
C. Públicos	1199	1113	1121	1069	1042	1014	983
C. Privados	242	236	230	233	235	215	200
Galicia	1441	1349	1351	1302	1277	1229	1183

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así, como se pode ver no cadro anterior, no período que vai dende o curso académico 92/93 ó 98/99 este descenso é de 258 centros o que equivale ó 18%, deles 216 públicos (18%) e 42 privados (17%).

A evolución do tipo de xornada escolar que se está a dar nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia no período 94/99 figura no cadro 16.

Cadro 16: evolución do tipo de xornada escolar nos centros de educación primaria. Comunidade Autónoma de Galicia

Curso	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	continuada	dobre	continuada	dobre	continuada	dobre	continuada	dobre	continuada	dobre
94/95	83	513	2	190	1	158	161	380	247	1241
95/96	130	430	2	184	1	157	251	287	384	1058
96/97	136	406	3	180	2	151	294	241	435	978
97/98	154	364	1	174	2	147	323	210	480	895
98/99	171	328	3	162	2	137	325	206	501	833

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Da análise dos datos do cadro anterior despréndese un progresivo aumento dos centros con xornada continuada durante todo o período estudado (curso 94/95 ó 98/99) nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, manténdose máis ou menos estable e con cifras pouco significativas nas provincias de Lugo e Ourense.

No ano académico 98/99 pódese comprobar que no tipo de xornada, dobre ou continuada, tanto nos centros públicos como nos privados predomina

maioritariamente a xornada dobre, o 59,78% dos centros públicos e no 80,35% dos centros privados, como se pode comprobar no cadro que aparece a continuación.

Cadro 17: centros nos que se imparte educación primaria en xornada dobre e continuada. Comunidade Autónoma de Galicia (curso 1998-1999)

	Xornada dobre		Xornada continuada	
	Públicos	Privados	Públicos	Privados
A Coruña	276	52	161	10
Lugo	145	17	3	-
Ourense	117	20	2	-
Pontevedra	156	50	301	24
Galicia	694	139	467	34

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. Profesorado

O mesmo que no caso dos centros onde se levou a cabo a implantación da educación primaria, pasou co profesorado de EXB. De feito en moitos casos poderíase dicir que nos centros de EXB os mestres adscribíronse a cursos de educación primaria co mesmo procedemento co que o viñan facendo para os de EXB, pódense afirmar, sen moito temor a erro, que, na mentalidade de moitos mestres e ata doutros profesionais da ensinanza, foi como se unicamente tivese lugar un cambio de nome, substituíndose EXB por educación primaria.

A mesma Administración educativa parecía amosar certa despreocupación polo proceso de cambio, como dando a entender que non había a penas máis que un cambio de nome. A única novidade parecía estar nos libros de texto, que algo cambiaban con respecto ós que correspondían á EXB. De maneira que unha parte importante dos docentes viron prolongada a súa situación de profesores e profesoras de EXB a pesar de que a educación primaria estaba estíbese implantando. Non obstante, a Consellería de Educación, obrigada polo vencemento dos prazos levou a cabo a adscripción de mestres ós postos de traballo correspondentes ós centros de educación primaria.

5.1. Adscripción definitiva a educación primaria e situación dos mestres

En xullo de 1996, culminada a implantación de toda a etapa de educación primaria, unha vez determinados cales ían ser os colexios que, dentro da rede de centros, contarían coa citada etapa, e xa definidos os seus respectivos catálogos de postos de traballo, a Administración, logo da negociación e publicación dos criterios a seguir, procedeu a realizar a adscripción do profesorado do corpo de mestres ós devanditos postos en aplicación da Orde do 15 de maio de 1996, pola que se regulaba o proceso de adscripción dos funcionarios do corpo de mestres afectados pola implantación da educación primaria e do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria (DOG do 29).

Esta adscripción dos mestres a postos de traballo, se ben acadou consideración de tal a efectos de concursos de traslados, non tivo, en canto á súa incorporación efectiva, iguais consecuencias en educación primaria que en secundaria. A diferenza de secundaria, onde para a meirande parte dos mestres a posesión dos novos destinos demorouse dous cursos, en educación primaria a ads-

crición tivo xeralmente consecuencias para todos os efectos a comezos do curso 96-97, incorporándose nesta data ó posto para o que resultaran adscritos.

A adscrición do profesorado supuxo un serio problema para unha parte dos mestres propietarios definitivos, xa que un certo número deles non tiveron posibilidade de se adscribiren a postos de educación primaria nin de secundaria dentro da zona educativa na que estaban a exercer, polo que en Galicia viñeron a quedar na situación de praza suprimida máis de 900 mestres.

A razón de ser deste feito é dobre. Por unha parte está a realidade de que cos novos catálogos dos centros tivo lugar un desaxuste entre os mestres requiridos nunha determinada zona educativa para impartir as novas especialidades, tanto de educación primaria coma do primeiro ciclo de secundaria (postos catalogados), e os que sendo definitivos na mesma zona estaban en posesión das devanditas especialidades. Así houbo zonas, p.e. a de Xinzo de Limia, nas cales quedaron en situación de suprimidos 18 mestres á vez que resultaron 18 prazas de novas especialidades sen cubrir. Por outra parte, ocorreu que ó catalogar os postos de traballo en función do alumnado existentes e previstos para os anos vindeiros, o número de unidades escolares dos centros de determinadas zonas educativas, p.e. Ferrol, experimentou unha importante diminución, dando isto lugar a un exceso de profesorado dentro da zona educativa e, por conseguinte, a que un número deles quedasen en situación de suprimidos e que, por diferentes razóns, ata o momento actual non tivesen en algúns casos aínda acadado unha nova praza definitiva.

As supresións, recolocacións provisionais e adscricións non desexadas (ó non lograr o posto desexado), así como a súa demora nos centros de secundaria, pódese dicir que causaron unha certa incomodidade no profesorado, pouco favorecedora de satisfacción laboral e, desde logo, nada motivadora de cara á participación activa nos proxectos educativos e curriculares dos centros, documentos de xestión onde se concretan tanto os principios que lle dan identidade ó colexio como a definición do “qué, cómo e cándo ensinar e avaliar”, de xeito que se poida lograr coherencia nos procesos de educación escolarizada no seu tramo primario.

Así mesmo, este proceso comportou algúns conflitos nos centros, creando escepticismo nos mestres con respecto á reforma propugnada na LOXSE, e favorecendo o hábito de que o funcionamento dos centros seguise as liñas establecidas para a EXB, tal como tiña ocorrido ata o curso 96/97. Polo tanto, houbo quen non chegou a comprender ben as implicacións da nova adscrición,

o cal, nalgúns casos, se traduciu en pensar e mesmo dar por seguro que ían seguir coas anteriores adscricións funcionais, a recentemente realizada ten unicamente efectos nominais.

En anos sucesivos, os comprendidos entre 1996 e 1999, as xubilacións dalgúns mestres ós sesenta anos –que a nova lexislación comezou a posibilitar–, os concursos de traslados, incluíndo o correspondente ós de departamentos de orientación, xunto cos cursos de especialización (cadros nº 18 e 19) axudaron, o que se nota no momento actual, a paliar o problema ocasionado polas supresións conseguíntes á nova adscrición de mestres.

No ano 1999, o número de mestres que imparten a educación primaria en Galicia en centros públicos aproxímase ós dez mil. Algo máis da metade son mestres xeralistas. O resto están ocupando prazas de especialidades da LOXSE: Filoloxía Inglesa, Filoloxía Francesa, Educación Musical, Educación Física, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Do mesmo xeito, hai que ter en conta que nos últimos anos cubríronse prazas de xefes de departamentos de orientación por mestres preferentemente licenciados en Psicopedagogía, Pedagogía ou Psicoloxía. A continuación, no cadro nº 18, expóñense os mestres xeralistas e especialistas distribuídos por provincias.

**Cuadro 18: mestres que imparten educación primaria nos centros públicos
Comunidade Autónoma de Galicia (1998-1999)**

	Como mestres xeralistas	Como mestres especialistas	Como xefes Departamento Orientación	TOTAIS
A Coruña	2039	1793	41	3873
Lugo	697	770	13	1480
Ourense	505	530	9	1044
Pontevedra	1996	1538	25	3559
Galicia	5237	4631	88	9956

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Destaca nesta táboa que o número total de mestres existentes en Galicia nos centros de educación primaria resulte moi superior ó de postos de traballo, que é de 9.102 (cadro nº 10). Parece que entre as posibles explicacións desta diferenza estaría a de que se contabilicen aquí todos os mestres substitutos, que virían ser uns 854 en total. Así, os substitutos de zona contabilizaríanse a maiores dos de tipo xeralista e dos das distintas especialidades LOXSE, formando tamén parte deste conxunto todos aqueles mestres que se contrataron no curso 1998–1999 unha vez esgotados os de zona.

O reparto por especialidades, tendo en conta á súa vez a situación administrativa dos mestres, é a que se recolle no cadro seguinte.

Cadro 19: mestres por especialidades LOXSE con destino en colexios de educación primaria. Comunidade Autónoma de Galicia (1998-1999)

	Filol. Ingl.	Filol. Franc.	Educ. Musi.	Educ. Físi.	Ped. Terap.	Aud. e Ling.	Total
Destino definitivo	1000	550	506	697	753	39	3545
Destino provisional	209	34	149	195	135	24	746
Suprimidos	18	17	25	45	30	5	140
Interinos	43	39	26	14	61	17	200
Totais	1270	640	706	951	979	85	4631

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O meirande número de profesores e profesoras especialistas corresponde a Filoloxía Inglesa, área na que un milleiro posúen xa destino definitivo en Galicia, constituíndo un claro indicador de que se trata dunha área na que nos últimos anos tiveron oportunidade de obter praza un bo número de mestres, ben a través de especialización por calquera dos dous medios existentes, ben a través de acceso ó corpo de mestres por esta especialidade.

Algo parecido ó que ocorre en Filoloxía Inglesa, aínda que cunha certa diferenza, pasa cos especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Educación Física, nas que son definitivos 753 mestres e 697 mestres respectivamente. A

continuación, con 550 e 506, están as especialidades de Filoloxía Francesa e Educación Musical. Finalmente Audición e Linguaxe (Logopedia), con moita diferenza respecto das anteriores, ten 39 mestres definitivos.

Con respecto ás especialidades nas que o número de mestres con destino provisional é máis alto, pódese observar que en cifras absolutas tamén aparece en primeiro lugar Filoloxía Inglesa, seguida, na orde en que figuran a continuación, de Educación Física, Educación Musical, Pedagogía Terapéutica, Filoloxía Francesa e Audición e Linguaxe. Pero, se tomamos como referencia o número total de especialistas que traballan en cada unha das diferentes áreas, incluídos os adscritos por supresión e os interinos, é a derradeira das anteriores, Audición e Linguaxe, a que conta coa cifra maior (son provisionais o 25.2 % dos mestres da especialidade), seguida da de Educación Musical (o 21 % dos mestres da especialidade), Educación Física (o 19.9 % dos mestres da especialidade), Filoloxía Inglesa (o 16.4 % dos mestres da especialidade), Pedagogía Terapéutica (o 13.7 % dos mestres da especialidade) e, finalmente, Filoloxía Francesa (o 5.3 % dos mestres da especialidade).

O promedio de mestres especialistas con destino provisional en centros de educación primaria está arredor do 16 % do conxunto destes, incluídos os interinos e suprimidos, o cal supón no seu conxunto unha cifra de certa importancia, constituíndo un indicador de disfuncionalidade na medida en que nos informa de que un mestre, aínda contando con especialidade LOXSE, tarda uns anos en obter destino definitivo na etapa de educación primaria. Isto supón unha grande mobilidade en certos centros, que non favorece a estabilidade real en canto a proxectos pedagóxicos e organizativos. Certamente non é igual en tódalas especialidades, pero trátase dun feito que, sobre todo naquelas que soben do 15 %, requiriría os esforzos da Administración por corrixilo canto antes.

A provisionalidade nos seus destinos, que afecta a unha moi considerable parte do profesorado implica, á súa vez, un grande trasfega de persoal docente nos centros, o cal non favorece tampouco a estabilidade real en canto a proxectos pedagóxicos e organizativos. Certamente non é igual en tódalas especialidades, pero trátase dun feito que, sobre todo naquelas en que a porcentaxe de provisionalidade supera o quince por cento, requiriría os esforzos da Administración para corrixilos o antes posible. Por todo isto, o Consello Escolar de Galicia tamén insta á Consellería a que negocie de forma urxente a catalogación de postos de traballo nos centros de educación infantil e primaria, con vistas a estabilizar o persoal.

Debemos reparar así mesmo nos datos relativos a mestres suprimidos ó cargo de postos de traballo de especialistas. Son mestres que, por se teren quedado afectados de supresión como consecuencia do proceso de adscrición en 1996, están á fronte dalgunha unidade de especialista. En total son 140 en Galicia, correspondendo ás especialidades de Educación Física (45) e Pedagogía Terapéutica (30) máis da metade; pero en prazas para as cales se require a especialidade de Educación Musical hai 25, nas que se pide Filoloxía Inglesa 18, nas de Filoloxía Francesa 17 e en Audición e Linguaxe 5. Sen dúbida estamos ante outra disfunción que require tamén unha solución máis ou menos inmediata, xa que o feito de que haxa suprimidos non constitúe xustificación para que nestes anos todas estas prazas estean sen atender polos correspondentes especialistas.

Os concursos de traslados entre mestres constituíron, desde sempre, o medio de obter destino definitivo e de moverse dunha a outra localidade e dun centro a outro. Nos últimos anos o traslado, que se fai a postos de traballo, sen dúbida está a ser un recurso, sobre todo a partir de 1996, ano da adscrición, para resolver problemas de situacións provocadas polos cambios que a reforma educativa da LOXSE comportou, polo que, se xa o era de antes, nos últimos anos a participación no concurso de traslados alcanza cifras de certa consideración e o índice de mobilidade parece experimentar un certo aumento. No cadro nº 20 recóllense os datos relativos ós concursos de traslados entre 1991 e 1999.

**Cadro 20: mobilidade dos mestres
Comunidade Autónoma de Galicia (1991-1999)**

	91-92	92-93	93-94	94-95	95-96	96-97*	97-98	98-99
Participantes	4516	4576	4405	4436	-	10289	4269	4831
Adxudicacións	545	540	737	838	-	9379	404	1000
Índice mobilidade	12.1 %	11.8 %	16.7 %	18.9 %	-	91.2 %	9.5 %	20.7 %

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

* As cifras correspondentes ó curso 96-97 son as referidas ó proceso de adscrición do profesorado, consecuencia da entrada en vigor da reforma prevista na LOXSE.

No anterior cadro, á parte de indicarnos que cerca da metade dos mestres participan anualmente nos concursos de traslados, os índices de mobilidade, amosan como crítico o curso 96 – 97, no que se moveron, a través do proceso de adscrición, a meirande parte obtendo posto en educación primaria e algúns obténdoo no primeiro ciclo de secundaria, o 91.2 % dos mestres de Galicia con destino definitivo na EXB (non participaron aqueles que tiñan destino definitivo en educación infantil, centros específicos de educación especial ou en educación de adultos). Enténdese que aqueles que non obtiveron destino son os afectados de supresión.

Así mesmo, arredor do citado curso, están os datos do 95/96, no que non houbo concurso por razóns da inminente adscrición, e os do 97/98 que son os máis baixos de todos estes anos (9.5 %). Os restantes anos presentan unha tendencia ó aumento nos índices de mobilidade, chegándose finalmente preto do 21 %. A principal razón que pode dar conta deste feito sería a creación de novas prazas das especialidades LOXSE nos centros de educación primaria, que comezaron, aínda que de xeito gradual, a cubrirse na meirande parte dos casos.

Deste modo, propíciase por parte da Administración, que as novas vacantes sirvan, logo da especialización facilitada ós afectados, para que estes se vaian recolocando, en moitos casos nos propios centros onde quedaron sen praza e noutros na zona educativa correspondente, o cal sen dúbida contribúe a resolver o desaxuste entre postos vacantes e recursos humanos producido pola adscrición de 1996.

Nesta mesma liña de mitigar as consecuencias das supresións que trouxo consigo a adscrición, resulta importante, como se acaba de apuntar, a especialización de mestres de cara a servir algunha praza que requira especialidade LOXSE. Para levalo a cabo a Consellería regulou unha dobre vía, acadar a suficiencia nos correspondentes cursos de especialización organizados para o efecto pola Administración educativa ou lograr a aptitude mediante a superación dun exame para o efecto, que se realiza, logo da convocatoria (véxase, por exemplo, a Orde do 20.04.1999, DOG 18.05), xunto coas probas das oposicións a ingreso no corpo de mestres (nas correspondentes ordes de convocatoria dedícase un capítulo a “adquisición de novas especialidades”).

Con respecto ós datos correspondentes á especialización de mestres, somentes é posible expoñer os relativos á obtención de especialidade a través de cursos de formación (cadro nº 21), xa que os relativos á segunda vía, superación de exame para o efecto, ó non dispoñer de datos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, faise practicamente imposible especificalos.

*Cadro 21: adquisición de novas especialidades en educación primaria
Comunidade Autónoma de Galicia (1992-1999)*

Cursos de especialización	
E. Musical	296
E. Física	286
P. Terapéutica	40
Audición e Linguaxe	160
Total	782

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Como pode verse, o número daqueles mestres que obtiveron unha especialidade a través da superación do correspondente curso de formación alcanza unha cifra de certa consideración, cerca de oitocentos. Deste xeito, por pequena que sexa a cifra daquelas persoas que obtiveron a especialidade pola vía de exame, pódese dicir que estará arredor do milleiro o número de mestres especializados nos últimos anos nas áreas establecidas pola LOXSE para educación primaria, dato que nos indica que estamos ante un número xa algo superior (aínda sen ter en conta, porque non forma parte deste traballo a educación infantil, os que acadando a correspondente especialidade obtiveron un posto nesta etapa) ó de mestres suprimidos, que como se recordará é de 910 mestres.

5.2. Profesorado dos centros privados

No sector privado, os mestres que atenden o alumnado nas especialidades establecidas pola LOXSE (Filoloxía Inglesa, Francesa, Educación Musical, Educación física, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe) tamén han contar coa habilitación correspondente. En total, no ano 1999, posúen algunha ou algunhas destas habilitacións uns 1.424 mestres. Así é que, con independencia de que algúns exerzan como xeralistas de educación primaria a pesar de ter

algunha habilitación, unha parte importante da totalidade dos mestres deste sector contan con habilitación recentemente outorgada pola Administración educativa galega a teor do disposto na Orde do 25 de novembro de 1997 (DOG 22.12), pola que se regulan os requisitos que deben posuír os profesores e profesoras dos centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia para exercer a docencia na educación infantil, educación primaria e secundaria. A súa distribución é a que figura a continuación no cadro nº 22.

**Cadro 22: profesorado por especialidades que imparten docencia en educación primaria nos centros privados
Comunidade Autónoma de Galicia (1998-1999)**

	FI	FF	EM	EF	PT	AL	Totais
A Coruña	174	87	169	187	22	4	643
Lugo	17	5	91	90	2	1	206
Ourense	25	4	18	27	1	0	75
Pontevedra	154	63	87	111	76	9	500
Galicia	370	159	365	415	101	14	1424

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Polo que atinxe ós mestres xeralistas existentes nos centros privados das distintas provincias galegas, non foi posible contar cos datos correspondentes. É por iso que, non podemos expoñer a súa cifra nin realizar interpretación algunha a partir desta.

Para unha correcta lectura dos datos anteriores é preciso ter en conta que os centros concertados, ata o curso 98/99, contaron con tantos mestres con 25 horas semanais de xornada como unidades posuían. Nos últimos cursos (entre 1999 e o 2000) a recolocación dos preto dos 300 mestres que procedentes dos centros en crise, optaron por esta solución, fixo posible que a gran maioría dos colexios concertados teñan xa un mestre máis por cada seis unidades de primaria. Agora ben, á parte que estes centros posúan algún/s mestre/s máis en función do número de unidades das que contan, seguen sen dispor dun catálogo de postos de traballo como o dos públicos.

Neste contexto de unidades e mestres, non resultou nada doado que as especialidades da LOXSE estivesen impartidas por profesores e profesoras especialistas debidamente habilitados, xa que a meirande parte dos docentes procedentes da primeira etapa de EXB son xeralistas, e o cambio continuo de aula para que uns especialistas poidan impartir docencia en todos os grupos de alumnos e alumnas comporta serios inconvenientes en educación primaria, tanto para eles como para o alumnado e a propia titularidade.

Probablemente, para resolver este problema que se acaba de apuntar, a Administración educativa galega, o mesmo que xa fixera o Ministerio de Educación, estableceu, como se dixo en liñas anteriores, un sistema de habilitación rápida nalgunha ou nalgunhas das especialidades LOXSE para o profesorado do ensino privado, centrada nas titulacións, especializacións e experiencia docente. Deste xeito, en primaria, moitos mestres, como posúen experiencia en máis dunha área, conseguiron distintas habilitacións para ensinar no propio centro de traballo, contribuindo isto a que, a partir dese intre, nos centros concertados, sen cambiar excesivamente de grupos de alumnado, poidan impartirse as diferentes áreas por profesorado coa habilitación requirida.

6. Alumnos e alumnas

Os alumnos e alumnas que están escolarizados na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros de educación primaria, o mesmo que ocorre no resto do Estado español son nenos e nenas entre os 6 e os 12/13 anos de idade, xa que, se por razóns pedagóxicas o precisan, poden permanecer un ano máis nalgún dos ciclos. O seu número anda polos 150.000 e a súa distribución por cursos no curso 98-99 é a que se expón no seguinte cadro.

Cadro 23: alumnado de educación primaria por cursos en cada provincia Comunidade Autónoma de Galicia (1998-1999)

	1°	2°	3°	4°	5°	6°	Total
A Coruña	8973	9311	9313	9960	10111	11627	59295
Lugo	2635	2828	2876	3137	3080	3508	18064
Ourense	2417	2574	2608	2824	2768	3130	16321
Pontevedra	8692	9011	8874	9596	9583	10535	56291
Galicia	22717	23724	23671	25517	25542	28800	149971

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O descenso nas taxas de natalidade, que desde anos atrás, o mesmo que noutros países, ten lugar en Galicia, ten unha clara consecuencia para o número de alumnos e alumnas escolarizados na etapa de educación primaria desde o momento no que comeza o seu proceso de implantación. Neste senso, pode notarse como no ano 1999, fronte ós 28.800 alumnos e alumnas no último curso de educación primaria, hai tan só 22.717 no 1º curso, sendo de tipo gradual a devandita diminución.

O CEG quere sinalar unha vez máis que o negativo feito da diminución drástica da poboación escolar, como consecuencia da caída dos índices de natalidade, sexa aproveitado para dar viabilidade a moitos proxectos de mellora cualitativa: diminución de ratios e, sobre todo, eficaz atención á diversidade, con posibilidade efectiva de dividir en varios o grupo normal a determinadas horas, así como a posibilidade de incrementar o número de licencias para ampliación de estudos entre o profesorado, diminución da xornada lectiva directa para directivos e titores, atención a actividades complementarias e extraescolares, etc.

6.1. Escolarización por sectores

Máis do 70% do alumnado galego escolarízase en centros públicos. Preto do 30% restante están en centros privados, que, como se recordará, son con-

A EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

certados na súa maior parte. O alumnado correspondente ós centros públicos recóllese no cadro nº 24, que aparece a continuación.

**Cadro 24: alumnado de educación primaria escolarizado en centros públicos
Comunidade Autónoma Galega (1998-1999)**

	1º	2º	3º	4º	5º	6º	Total
A Coruña	6255	6601	6477	7038	7104	8184	41659
Lugo	2063	2242	2293	2540	2440	2747	14325
Ourense	1617	1781	1846	1986	1893	2125	11248
Pontevedra	6002	6268	6085	6710	6684	7249	38998
Galicia	15937	16892	16701	18274	18121	20305	106230

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dun xeito máis concreto no cadro nº 25 (alumnos e alumnas escolarizados en educación primaria por cursos e sectores) recóllense datos que poñen en evidencia como no curso 98/99 o total de alumnos e alumnas é duns 55.794 menos que no curso 91/92, o que supón un 34.45 % de diminución. Trátase dun descenso progresivo que, como pode observarse, vén representar unha media de preto de 8.000 alumnos menos por ano académico.

Cadro 25: alumnos e alumnas entre 6 e 12/13 anos. Comunidade Autónoma de Galicia

	91-92	92-93	93-94	94-95	95-96	96-97	97-98	98-99
Centros Públicos	162024	150790	141378	132704	123200	115162	110233	106230
Centros Privados	64128	60333	57514	53889	51215	48170	45555	43741
Totais	226152	211123	198892	186593	174415	163332	155788	149971

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Constátase igualmente nesta táboa que o descenso na cifra de alumnado de educación primaria, se ben a diferenza resulta pequena, non é igual no sector público que no privado. Así, mentres no público entre 1991 e 1999 dáse unha redución de 55.794 alumnos e alumnas, un 34.4% de diminución, no privado é de 20.387, que representa un 31%, o que equivale a un 3.4% menos que no público na redución da cifra de alumnado.

6. 2. A ratio numérica alumnos/profesor

A diminución experimentada polo número de alumnado escolarizado nos seis primeiros cursos da ensinanza básica (primaria), a que nos acabamos de referir no anterior punto, tivo a súa repercusión nas ratios alumnos/profesor existentes en Galicia nos centros públicos e privados, as que, co descenso progresivo que tivo lugar coa aplicación gradual da LOXSE, son as que se expoñen a continuación no cadro nº 26.

*Cadro 26: relación numérica de alumnos/profesor en educación primaria
Comunidade Autónoma de Galicia (1992-1999)*

	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA ¹	
	Public	Priv.	Public	Priv.	Public	Priv.	Public	Priv.	Public	Priv.
1992/93	21,69	29,76	20,36	32,04	21,04	30,69	21,16	30,99	21,24	30,50
1993/94	21,02	27,81	19,72	30,54	19,83	29,46	20,44	29,22	20,50	28,76
1994/95	22,42	26,63	20,27	28,68	21,22	27,73	20,4	27,70	21,24	27,33
1995/96	21,11	25,11	18,19	28,46	18,76	26,04	19,30	25,90	19,75	25,79
1996/97	19,60	24,11	17,81	25,96	18,21	23,59	18,27	24,72	18,70	24,43
1997/98	18,84	23,82	17,19	24,26	17,62	23,96	17,76	23,76	18,07	23,85
1998/99	17,93	23,45	16,52	24,12	16,73	23,93	17,34	23,43	17,38	23,54

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

¹ Para o cálculo destas ratios só se tiveron en conta as unidades puras de Educación Primaria. Para os anos anteriores ó ano académico 1995/96 tivéronse en conta os cursos equivalentes.

Así, como pode comprobarse, en Galicia a ratio alumnos/profesor, tanto nos centros públicos como nos privados, está a experimentar nos últimos anos un notable descenso. Agora ben, hai unha certa diferenza entre a redución habida no sector público e a que houbo no sector privado. Mentres no primeiro (público), pasouse de 21.24 alumnos/profesor en 1992/93 a 17.38 en 1998/99, no segundo (privado), pasouse, nos mesmos anos, de 30.5 alumnos/profesor a 23.54. É dicir, o descenso da ratio no sector público foi inferior ós 4 puntos e no privado foi de 7 puntos.

A principal razón desta diferenza na redución das ratios é probable que se ache no feito de que, fronte a unhas relacións numéricas alumnos/profesor bastante elevadas nos centros privados no ano 92, nos centros públicos era xa daquela moito máis baixa, polo que na meirande parte destes centros (públicos) as ratios de 25 alumnos/profesor, que gradualmente veu impondo a LOXSE, puideron cumprirse xa desde o primeiro momento. En troques, nos privados, coas ratios máis elevadas, porque a lexislación esixíallas así para poder acollerse ó réxime de concertos, a redución da ratio foise dando a medida que a lexislación, curso a curso, foi requirindo.

6.3. Alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais

Aínda co risco que entraña o emprego da expresión “necesidades educativas especiais”, é preciso referirse a este aspecto no actual punto do informe, porque na Comunidade Autónoma de Galicia, na etapa de educación primaria, escolarízanse, integrados en centros ordinarios, uns 2.424 alumnos e alumnas afectados de plurideficiencia, distintos tipos de discapacidades, trastornos de personalidade e mesmo de sobredotación intelectual.

Cadro 27: alumnos e alumnas de educación primaria con necesidades educativas especiais Comunidade Autónoma de Galicia (curso 1998-1999)

	A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			TOTALS GALICIA		
	Pub	Prv	Total	Pub	Prv	Total	Pub	Prv	Total	Pub	Prv	Total	Pub.	Prv.	Total
Plurideficiencia	237	43	280	139	11	150	111	0	111	225	32	257	712	86	798
Discapacidade auditiva	35	10	45	13	0	13	44	1	45	28	6	34	120	17	137
Discapacidade motora	58	9	67	21	2	23	13	4	17	51	8	59	143	23	166
Discapacidade psíquica	343	35	378	134	5	139	115	20	135	348	128	476	940	188	1128
Discapacidade visual	8	11	19	1	2	3	4	0	4	7	6	13	20	19	39
Trastornos graves person./Autismo	34	10	44	23	0	23	4	0	4	11	6	17	72	16	88
Sobredotación intelectual	19	5	24	4	4	8	0	0	0	25	11	36	48	20	68
TOTAL	734	123	857	335	24	359	291	25	316	695	197	892	2055	369	2424

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Constátase neste cadro (nº 27) que a meirande parte dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, concretamente os afectados de plurideficiencia, discapacidade e trastornos de personalidade, están escolarizados en centros públicos. En termos xerais no sector público áchase o 84.8 % deste alumnado, o cal, se temos en conta que é superior en 14 puntos ó do conxunto do alumnado de educación primaria escolarizado neste sector (ver cadro nº 24), constitúe un claro indicio de desproporción no que atinxe á atención á diversidade que se realiza nos centros públicos con respecto ós privados. Entre as principais razóns que contribúen a explicar esta desproporción pode indicarse, con bastante probabilidade de non equivocarse, a carencia xeneralizada de unidades e/ou profesorado concertado dedicados a apoio do alumnado con necesidades de atención especial.

A causa desta carencia de recursos no sector privado non resulta fácil de determinar. No feito poden, en efecto, influír fundamentalmente dous factores interrelacionados: por unha parte, o maior ou menor interese dos centros en concertar unidades de educación especial e, por outro, a acción da

Administración proporcionándolles ós centros do sector privado os recursos adecuados á atención do alumnado que precisa de atencións especiais.

O CEG estima que na dotación de recursos humanos, materiais e tecnolóxicos necesarios para atender a poboación escolar necesitada de educación especial, han de estar equiparados os centros públicos e os privados concertados, como base para sentar a obriga legal de que esta poboación poida e teña que ser atendida por igual, tanto na dimensión cuantitativa como na cualitativa do problema, por todos os centros sostidos con fondos públicos.

6.4. Servicios de transporte e comedor

Na Comunidade Autónoma de Galicia, unha parte importante do alumnado de educación primaria precisan, para a súa escolarización, dos servicios complementarios de transporte e comedor escolar. A súa distribución por provincias aparece recollida a continuación:

*Cadro 28: servicios complementarios de transporte e comedor escolar
Comunidade Autónoma de Galicia (1998-1999)**

	Nº alumnos e alumnas que usan transporte		Nº alumnos e alumnas que usan comedor		Transportados % do total		Usuarios comedor % do total	
	Público	Privado	Público	Privado	Público	Privado	Público	Privado
A Coruña	37.851	13.571	11.493	9.977	73.64	30.67	22.32	22.55
Lugo	11.556	785	9.880	1.579	65.60	9.77	56.49	19.65
Ourense	8.414	1.009	6.726	1.696	60.72	7.80	48.54	13.11
Pontevedra	27.373	10.173	8.281	6.675	56.94	23.25	17.22	15.25
Galicia	85.194	25.538	36.360	19.927	65.12	23.43	27.80	18.28

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

* Nestes datos inclúese o alumnado de 4 e 5 anos, xa que á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por non dispoñer deles, non lle resulta posible facilitar os datos de alumnos e alumnas que empregan transporte e comedor e corresponden estrictamente á etapa de educación primaria.

O cadro que acaba de ver o lector pon de manifesto que a porcentaxe de alumnos e alumnas que, escolarizados en centros públicos, empregan o servicio de transporte é moi superior, tres veces maior, á de alumnos e alumnas escolarizados en centros de titularidade privada. Así, fronte a un 23.43 % correspondente a estes últimos, achámonos cun 65.12 % nos públicos. Este dato garda sen dúbida relación co feito de que en Galicia a localización da meirande parte dos centros de titularidade privada, ten lugar nas cidades, e en todo caso nas vilas, mentres que no medio rural son os centros públicos os que acollen a poboación escolar, principalmente a través da modalidade de centros comarcais.

Non ocorre o mesmo coa diferenza existente entre as porcentaxes de usuarios de comedor no sector público e no privado, que é de a penas un 10 % a favor dos centros públicos (27.8 no público e 18.28 no privado). Dato que nos está a indicar como os centros privados, maioritariamente ubicados –como se dixo– nas cidades e vilas galegas, prestan uns servicios de comedor en proporción numericamente superiores ó dos centros públicos no que se refire ó alumnado de educación primaria. Trátase dun dato que moi probablemente haxa que vencello coa demanda das familias que, por razóns de traballo, solicitan nas vilas e cidades, onde a maioría dos centros públicos son de ámbito local, colexios que ofrezan servicio de comedor para nenos e nenas de infantil e educación primaria, xa que a situación laboral da familia esíxelles un horario, tanto á nai como ó pai, que non lles permite facerse cargo dos cativos ó mediodía.

O feito que acabamos de apuntar está a constituír un desafío para as administracións, xa que dalgún xeito nas cidades, onde a maioría dos colexios carecen de servicios de comedor, non lles ofrecen ás familias que prefiren o ensino público os servicios complementarios que necesitarían para escolarizar os seus fillos nel, tendo así que conformarse con matricularlos en centros de titularidade privada que, na súa maioría, si que os ofrecen.

A non existencia de comedor escolar nos centros públicos do sector urbano non pode seguir constituíndo, por si soa, un factor de disuasión para que moitas familias deixen de matricular neles os seus fillos. O CEG entende que han de ser, en todo caso, outros os factores que orienten ou condicionen a elección e distribúan a matrícula. Factores condicionantes como a existencia ou non de comedor escolar constitúen unha rexeitable mingua para o exercicio da liberdade de elección de centro por parte das familias.

O Consello Escolar de Galicia fai un chamamento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que poña en funcionamento comedores escolares nos centros públicos urbanos e facilite o transporte e comedor a todo o alumnado de educación infantil. Solicítase igualmente o esforzo orzamentario necesario para que o transporte escolar non condicione o horario dos centros.

7. Síntese do capítulo

En Galicia, o mesmo que no resto das comunidades autónomas do Estado español, a implantación da etapa de primaria, situada no marco xeral das liñas europeas que se acaban de expoñer, inclúese dentro do complexo proceso de reorganización e reforma do sistema educativo que arranca da promulgación da LOXSE e garda relación coa entrada en vigor de outras leis, por exemplo a LOPAG, e diferentes disposicións que as desenvolven. Nun plano de maior concreción implicou a promulgación de disposicións por parte do Goberno do Estado e da comunidade autónoma nos ámbitos das súas respectivas competencias.

Entre os cambios promovidos pola lexislación que acompaña a implantación da reforma educativa cabe destacar: un importante descenso na ratio numérica de alumnos / profesor / aula permitidas como máximo, que pasa a ser de 25; o colexio de educación primaria, de educación infantil e primaria e o centro público integrado como unidades organizativas con novos rasgos e requisitos; a incorporación de mestres especialistas nos equipos docentes dos centros (Inglés, Francés, Educación Musical, Educación Física, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe ó lado de mestres de educación primaria ou tamén denominados xeralistas); e, finalmente, a organización dos colexios por proxectos (Proxecto Educativo de Centro, Proxecto Curricular de Etapa, ...).

O período de implantación da educación primaria, seguindo a tendencia xeral europea no aspecto demográfico, coincide en Galicia, sobre todo no medio rural, cunha diminución de poboación escolar correspondente a esta etapa que xa viña de anos atrás. Esta diminución faise cada vez máis preocupante e esténdese xa ós primeiros cursos do seguinte tramo do sistema educativo. Así, entre 1992 e 1999, pasouse de 162.024 alumnos e alumnas de primaria en centros públicos a 149.971 e de 64.128 en privados a 43.741.

A consecuencia máis inmediata deste decrecemento de alumnado entre 6 e 12-14 anos de idade pódese dicir que a constitúe un descenso na cifra de centros públicos e privados que os atenden (entre 1992 e 1999, pasouse de 1.199 colexios públicos a 983 e de 242 centros privados a 200) sen que isto supuxese a penas aumento de unidades no resto dos centros que recibiron ós escolares procedentes daqueles que deixaron de ser de primaria ou pecharon as súas portas por non reunir os requisitos mínimos esixidos. De feito non ocasionaron sequera un freo significativo na tendencia á diminución que se observa nas cifras de unidades escolares.

Un claro expoñente da baixada de poboación escolar constitúeo o feito de que a diminución do número de centros, e mesmo de unidades, ten lugar nun contexto legal (LOXSE e disposicións complementarias) no que en primaria a ratio numérica de alumnos/ profesor que se permite como máximo é de 25 alumnos e alumnas por aula, ratio que puido ser asumida desde o comezo da súa implantación en 1992, sobre todo nos centros públicos, sen a penas esforzo nin desdobres.

A baixada de alumnado, ó tratarse dun fenómeno de carácter progresivo, posúe repercusións para o número de unidades dos centros do medio rural en canto á diminución gradual destas, de maior importancia cada vez, xa que este feito comporta cambios no catálogo de postos de traballo dos centros públicos establecidos a partir da súa composición xurídica (unidades creadas) que non facilita a súa estabilidade. Esta repercusión é moi preocupante no caso dos centros que sendo incompletos perden unidades, pero éo máis, se cabe, nos que sendo completos (6 unidades ou máis), polo seu número de alumnos e alumnas en descenso, están moi preto da súa transformación en incompletos dentro, ademais, dunha tendencia a seguir perdendo unidades.

O número actual de unidades (6040 unidades no sector público e 1.851 unidades no sector privado) está en continuo descenso pola diminución de alumnado. Esta diminución nos centros públicos de poucas unidades ten consecuencias que lles afectan considerablemente ós equipos docentes e ó propio profesorado. Así, nos casos en que os colexios pasan de 5 a 3 unidades, cambian un catálogo de 7 docentes (4 de educación primaria, 1 de Inglés, 1 de Educación Musical e 1 de Educación Física) por outro de 4 (1 xeralista de primaria, 1 de Inglés, 1 de Educación Musical e 1 de Educación Física). Ocorre algo parecido nos que con 6 unidades e 9 docentes (4 de educación primaria, 1 de Inglés, 1 Francés, 1 de Educación Musical, 1 de Educación Física e 1 de Pedagogía Terapéutica), pasan a ter 7 ou 6 mestres e mestras segundo cheguen ás 5 ou 4 unidades respectivamente.

A xornada continuada, cunha implantación no 34 % dos colexios públicos galegos e no 23 % dos privados, posúe unha distribución pouco regular nas provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo unha probable explicación deste feito a dificultade real que hai para ofrecer proxectos educativos. Nestes proxectos as actividades extraescolares teñen unha gran importancia. Ademais, teñen que resultar atractivos ó alumnado e ás familias, e dende logo precísanse recursos, en moitos casos inexistentes, e que a miúdo obrigan á coordinación entre as administracións locais, a educativa e os propios centros coas respectivas asociacións de pais e nais de alumnos e alumnas. Hoxe por hoxe, na maior parte dos casos, isto segue a pertencer ó ámbito dos desexos.

O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se estableza con carácter xeral que todo o profesorado de educación infantil e primaria teña como máximo dezaioito horas lectivas semanais. Que se proceda á catalogación en todos os centros de tantos postos de ensino primario como unidades de primaria existan neles. Que todos os centros contén con especialistas de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe segundo precisen as unidades e as características de cada un deles. Neste mesmo sentido, en todos os centros completos procedería catalogar un posto de orientador. Recoméndase igualmente a elaboración dun plano de actuación preferente para a escola rural. Solicítase, por último, a derogación do parágrafo da orde en que se recolle que, para os efectos de fixar a ratio, non se contabilizará o alumnado repetidor.

Esta distribución tan pouco regular, segundo a cal a provincia de Pontevedra posúe a meirande parte dos centros con xornada continuada, áchase nun momento que ben podería cualificarse como crítico, xa que o número de centros que a teñen se mantén e incluso experimenta unha lixeira tendencia ó aumento na Coruña, Lugo e Ourense, mentres que a provincia de Pontevedra está a sufrir unha forte redución nos centros públicos con xornada continuada, pasando de 323 colexios en 1998 (logo do incremento de 51 colexios con respecto ó ano anterior) a 213 en 1999.

O profesorado (preto de 10.000 mestres) que está á fronte dos postos de traballo dos centros públicos nos que se imparte educación primaria en Galicia foi adscrito a eles a través dun proceso para o efecto que tivo lugar a finais do curso 1995–96. A partir daquela data, mediante os respectivos concursos, e logo da especialización a través de cursos de formación ou superación de pro-

bas, iniciouse un proceso de axuste entre as vacantes de primaria, primeiro ciclo de secundaria obrigatoria e infantil e os docentes afectados de supresión nestes anos, alcanzando así a mobilidade dos mestres entre 1996 e 1999 uns índices algo elevados.

Nos centros privados, o proceso de adscrición dos mestres non tivo a complexidade que posuía nos públicos. De feito resolveuse a través de adscricións funcionais nos centros, e, a partir da resolución do proceso de habilitacións (1998), se ben se realiza en función das habilitacións de cada mestre/a, tamén se fai nos propios centros. Agora ben, no que atinxe a supresión de prazas de docentes é salientable o feito de que todos aqueles procedentes dos denominados centros en crise que non optaron por indemnización (algo menos de 300) houberon de pasar por un proceso de recolocación en centros concertados, clasificados definitivamente para esta etapa de primaria, que supuxo en moitos casos traslados de localidade dentro da comunidade autónoma.

O proceso de adscrición realizado nun momento no que a primaria quedaba xa implantada, xunto co feito de que uns 900 mestres en Galicia non obtiveran praza nos postos recentemente catalogados para a citada etapa ou para o primeiro ciclo de secundaria da ensinanza pública, así como tamén o proceso de diminución de unidades por redución progresiva de alumnado, xunto ós notables índices de mobilidade dos mestres, non foron precisamente factores favorecedores do correcto funcionamento dos centros conforme a un marco legal vixente que comporta cambios organizativos de todo tipo, entre os que cabe resaltar como o máis fundamental deles, o que os colexios se achen pedagoxicamente programados. As variacións nos cadros de profesorado, nalgunhas ocasións con nomeamento provisional, o funcionamento do primeiro ciclo de ensinanza secundaria obrigatoria nos colexios en moitos casos ata o curso 1998 – 1999, así como postos de traballo correspondentes a especialidades establecidas pola LOXSE desempeñados por mestres que non posúen aquela, non facilitaron a participación estable necesaria para deseñar, realizar e avaliar proxectos educativos de centro, proxectos curriculares de etapa con plans de orientación e tutoría, programacións xerais e memorias anuais, ó lado de proxectos cuadrienais de dirección de centros.

O alumnado de primaria en Galicia, uns 150.000 nenos e nenas, está atendido nos centros públicos en máis do 70 % dos casos. Nos centros concertados áchanse a práctica totalidade dos restantes. Este feito, na medida en que na maioría dos casos os centros concertados están situados en vilas e cidades, parece indicar un importante protagonismo destes colexios no medio urbano.

A hipótese anterior obtén respaldo no feito de que en Galicia, se ben hai diferencias significativas entre provincias, a cifra de alumnos e alumnas escolarizados en centros públicos que utilizan transporte escolar (máis de 85.000) é tres veces superior á do alumnado de centros de titularidade privada que empregan este servizo e constitúe o 65 % do alumnado escolarizado en centros públicos, mentres no sector privado os alumnos e alumnas transportados andan polo 23 % do alumnado de primaria destes centros.

Así mesmo obtén respaldo a citada hipótese nos datos de alumnos e alumnas de primaria usuarios de comedor escolar, máis de 36.000 no sector público e cerca de 20.000 no privado, o 27 % e o 18 % do respectivo alumnado, expoñente claro da importancia deste servizo para os pais e nais de alumnos e alumnas no medio urbano.

A integración do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios de primaria ten lugar nos centros públicos nunha proporción moi superior á que debería corresponder en función do cómputo xeral de alumnado nun e noutro sector. Así, ó ser máis do 84 % dos alumnos e alumnas afectados de plurideficiencias, discapacidade e trastornos de personalidade, os que se escolarizan nos centros públicos, estamos ante unha clara desproporción con respecto ós escolarizados nos centros de titularidade privada, onde, se se mantivese a mesma proporción que no conxunto dos alumnos e alumnas, como sería o normal, deberían escolarizarse un 14 % máis de escolares afectados polas citadas discapacidades.

Igualar en centros públicos e privados a proporción de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais atendidos neles esixiría probablemente cambios nas normas básicas que regulan o dereito a educación de tal xeito que, a partir deles, as administracións educativas quedasen obrigadas a proporcionarlles os medios necesarios ós colexios concertados con independencia da voluntariedade da titularidade destes para atender este tipo de alumnado.